

AER CELEBRA QUE O SEU APOIO Á APROBACIÓN DO REMANENTE DO ANO 2017 FIXERA XA POSIBLE A MELLORA DA RUTA DAS PEDRAS DE VENTOSELA



A Ruta das Pedra é a primeira das propostas de AER para investir o remanente do ano 2017.

AER ten como fundamental a consideración e a posta en valor do patrimonio cultural de Redondela .

En xuño do ano pasado aprobáranse, en pleno extraordinario, os investimentos para o remanente do ano 2017 co apoio de AER, incluíndose diversas aportacións e demandas veciñais achegadas para a súa consideración por AER. A sinalización e mellora da Ruta das Pedras foi unha desas demandas, neste caso da veciñanza de Ventosela.

AER levaba todo o mandato reclamando a posta en valor do desta ruta que transita polos montes de Ventosela e percorre diferentes elementos arqueolóxicos e pedras con “historia” da parroquia. As veciñas no seu día investiron moitos recursos propios para crear a senda e despois ano tras ano mantela como ben podían, ou sexa, era de xustiza apoiar a toda esta xente implicada para co noso patrimonio. Así o entendeu sempre AER e de aí a insistencia en que se puidese asignar unha partida económica para a súa posta en valor e mellora integral. A oportunidade política deuse cando no ano 2018 tocou facer aportacións para destinar os cartos que o Concello tiña en remanente do ano 2017. Agora dende a agrupación demándase que se faga un mantemento anual da ruta e se programen novas actividades de divulgación periódicas, potenciando tamén así o atractivo cultural que posúe a parroquia de Ventosela a nivel arqueolóxico.

A Agrupación de Electores tamén espera que a necesidade de dignificación e preocupación xeral polo patrimonio cultural de Redondela sexa unha constante do actual e do vindeiro goberno local, respondendo con maior celeridade ás necesidades e demandas da veciñanza neste senso. Para elo, AER xa ten reclamado en diversas ocasións a elaboración dun Plan Municipal de Xestión do Patrimonio, pois é necesario contar cun documento, un plan, onde se identifique a totalidade do patrimonio do Concello incluído o relativo ao arte rupestre ou arqueolóxico, casonas, elementos etnográficos, arquitectura relixiosa e civil, patrimonio industrial, etc. Neste plan caracterizaríanse tódolos elementos culturais, avaliaríase o seu estado e necesidade e proporíanse necesidades de intervención e mesmamente un plan de intervención a curto, medio e longo prazo.

Redondela, 27 de xaneiro de 2019